



Extracto da resolución da Concelleira delegada delegada da Área de Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económicapolo que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas ás entidades e clubs deportivos para a realización de eventos deportivo-turísticos para o ano 2024”.

Primeiro.- Beneficiarios.

Entidades deportivas sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, inscrición que se acreditará con copia do certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club/entidade ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, á data de publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e tamén no rexistro de asociacións do concello.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, dirixidas ás entidades deportivas para a organización de eventos deportivo-turísticos para o ano 2024. O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades deportivas e contribuír para que consigan os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo á promoción de espazos naturais do municipio con especial atención ao lago na anualidade 2024.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 245, do 20 de decembro 2024 dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/12/20/2024_0000009147.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 34.630,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2024.341.48900.

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base novena das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/é/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 31 de maio de 2025, aínda que



Ref.: Deportes

antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Oitavo.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.